



Encontre a súa información...

Familias

Alumnado

Profesorado

Centros

Empresas

Construcións e melloras

Inicio

Educación adxudica a ampliación do IES Monte Neme, en Carballo, por máis de 735.000 euros

→ As obras inclúen a construción dun novo edificio, que albergará os ciclos da familia profesional de Administración



Mar, 07/11/2017 - 10:21

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de asinar o contrato para acometer a ampliación do IES Monte Neme, en Carballo. Aobra foi adxudicada á empresa Petrolam Infraestruturas S.L., por un importe de 735.218,30 euros e un prazo de execución de seis meses.

A intervención inclúe a construción dun novo edificio de preto de 600 metros cadrados que albergará os ciclos da familia profesional de Administración. Este módulo adicional acollerá catro novas aulas, así como zona de servizos (almacén, cuarto de limpeza), aseos e sala de profesorado.

Así mesmo, tamén se acometerán unha serie de reformas interiores no edificio actual, que inclúen a ampliación da biblioteca e a dotación de novas aulas de música, tecnoloxía e plástica (no bloque 1); e novo equipamento para o taller de fontanería, ademais da reforma de canlóns e lucernarios no bloque 3.

Está previsto que as obras, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020, comecen a mediados deste mes de novembro.

IMPRIMIR
 RECOMENDAR

Departamento • Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria • Secretaría Xeral Técnica
Colectivo • Centros
Tema • Construcións e melloras
Ensinanza • Ensinanzas de réxime xeral